

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013588	CPI do Toural	Vilaboa	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	4	140

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	11
4.1. Concrecións metodolóxicas	49
4.2. Materiais e recursos didácticos	50
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	50
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	51
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	53
6. Medidas de atención á diversidade	53
7.1. Concreción dos elementos transversais	54
7.2. Actividades complementarias	56
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	57
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	57
9. Outros apartados	58

1. Introducción

O alumnado de 1º da ESO procede de todos os colexios de Educación Primaria de Vilaboa, xa que este é o único centro educativo do municipio que imparte a Educación Secundaria. Cabe destacar a presenza de alumnado marroquí e xitano, polo que esta realidade supón abordar dun xeito especial a multiculturalidade no noso centro, entendida como riqueza e como reto educativo.

Ao longo dos anos de existencia do CPI puidemos constatar unha serie significativa de características dominantes entre o alumnado:

- Baixo nivel de contidos conceptuais e procedementais en materias instrumentais.
- Pouca motivación e unha maior deficiencia nos seus hábitos de estudo.
- Aumento do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Aumento progresivo da utilización do castelán como idioma vehicular.
- Dificultades para asociar e relacionar os conceptos.

Non podemos deixar de sinalar que, por mor dos problemas sociolingüísticos aos que se ten que enfrontar, en moitos casos o alumnado que chega ao primeiro curso da ESO está lonxe de posuír a competencia necesaria para desenvolverse en lingua galega con normalidade en situacións cotiás, como poden ser unha conversa espontánea ou a redacción dun texto determinado. Esta anormal situación sociolingüística leva a que non poidamos esquecer o papel relevante que podemos -e debemos- xogar nas nosas clases, tanto na mellora das destrezas lingüísticas como na superación de prexuízos e actitudes negativas cara á normalización social da lingua.

Se o ensino da lingua e da literatura debe favorecer a aprendizaxe das habilidades comunicativas, é obvio que non chega coa aprendizaxe duns saberes lingüísticos que por si sós non garanten a mellora das súas capacidades expresivas e comprensivas. Se queremos que os alumnos e as alumnas saiban comunicarse e expresarse, a educación lingüística e literaria debe axudalos a mellorar a súa competencia comunicativa nas diversas situacións. Isto é aínda máis necesario no noso centro, xa que recibe alumnado de orixe marroquí, polo que ten escasas oportunidades de desenvolver a súa competencia fóra das aulas ao non atopar un contexto cotián no que o uso do galego sexa habitual. De aí a importancia do ámbito escolar como espazo privilexiado para un uso normalizado da lingua.

Velaí o noso labor: o traballo debe orientarse ao dominio dos mecanismos verbais e non verbais de comunicación e representación que constitúen a base de toda interacción comunicativa e, xa que logo, de calquera aprendizaxe escolar e social. A educación lingüística e literaria debe facer posíbel o maior grao de competencia comunicativa do alumnado no uso da lingua e contribuír ao dominio das destrezas lingüísticas básicas (comprender, falar, ler, escribir), sen esquecer que os problemas sociolingüísticos que ten hoxe o galego condicionan o deseño e a realización das actividades na aula.

O uso que o alumnado fai da lingua fóra das aulas, a consideración social do idioma, as normas non escritas que configuran o seu uso nos diferentes ámbitos, a presenza escasa e subordinada do galego nos medios de comunicación, etc. son algúns dos factores que fan ilusoria a pretensión dunha práctica docente igual á que se podería dar se a lingua estivese socialmente normalizada. A clase non é un mundo illado e o alumnado percibe con claridade unha situación así. Isto inflúe, queirámolo ou non, no traballo da aula, polo que é mester telo en conta á hora de definir calquera proposta curricular.

Isto non quere dicir que as clases de Lingua Galega e Literatura deban xirar ao redor da reflexión sobre os problemas sociais da lingua ou do traballo dirixido a un necesario fomento de actitudes positivas. Estes son imprescindíbeis, pero a finalidade principal ten que ser, como xa dixemos, o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado no idioma propio de Galicia. E precisamente porque ese é o obxectivo principal, os problemas sociais da lingua teñen que estar presentes, como pano de fondo, en todas as actividades que desenvolvamos.

Un dos fenómenos máis relevantes desa anómala situación é o feito de que persoas que na súa vida persoal se expresan preferentemente en galego, en certos contextos e ámbitos sociais agóchanos e exprésanse en castelán. Pódese así falar dunha invisibilidade social do galego, que se explica porque os comportamentos lingüísticos aparecen condicionados polos prexuízos sociais, prexuízos diglósicos que funcionan como leis non escritas interiorizadas polo conxunto da poboación. Esta invisibilidade vese reforzada por unha ampla gama de factores. O caso dos medios de comunicación de masas, sobre todo os escritos, quizais sexa o máis evidente, pois neles este

proceso de ocultamento da lingua é clamoroso, ao reproducir en castelán case toda a vida social que se fai en galego. Como consecuencia, o galego ten unha presenza social moito menor da que lle correspondería, e o seu uso parece estar proscrito en certos ámbitos e funcións. Podemos dicir que, en certo sentido, é unha lingua oculta. Esta ocultación social (é dicir, a súa situación minorizada: sendo maioritaria, parece que non o é) é un fenómeno que, con maior ou menor intensidade, se estende por toda Galicia, acadando dimensións preocupantes nalgúns ámbitos urbanos.

Os principais atrancos para o uso normalizado do galego nos distintos ámbitos sociais teñen a súa orixe na existencia de prexuízos e actitudes negativas cara á lingua (o cambiar de lingua cando o interlocutor fale en castelán; o comportamento lingüístico cos nenos, coas nenas e adolescentes, utilizando decote o castelán, mesmo se son galegofalantes; a asociación do galego co atraso, pobreza ou ruralismo; a crenza de que a súa utilización é un síntoma de localismo, etc.). Neste sentido, cabe afirmar que o problema da invisibilidade social do galego só desaparecerá cando estes prexuízos deixen de ter a extensión social que teñen hoxe en día. É evidente que as nosas clases poden -e deben- xogar un papel determinante nesta muda das actitudes nas novas xeracións, que de feito xa teñen menos prexuízos e actitudes negativas, posibelmente debido ao aumento do prestixio social da lingua e á súa presenza no ámbito académico. É máis, nunha boa porcentaxe da mocidade (sexa ou non galegofalante) hai unha significativa presenza de actitudes positivas cara á lingua galega e a súa normalización social.

Debido ás modificacións introducidas no currículo de 1º ESO coa implantación da LOMLOE neste curso académico, os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos organízanse en catro bloques:

O primeiro bloque, AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES, oriéntase ao recoñecemento da diversidade lingüística de Galicia, de España e do mundo, particularmente do ámbito lusófono, co propósito de favorecer actitudes de aprecio a esta diversidade e combater os prexuízos lingüísticos.

O segundo bloque, COMUNICACIÓN, integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional, vertebrados ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos.

O terceiro bloque, EDUCACIÓN LITERARIA, recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios e coñecer algunhas obras relevantes da literatura galega e do ámbito lingüístico lusófono, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria.

O cuarto bloque, REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA, propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico a partir da formulación de hipóteses, da procura de contraexemplos e do establecemento de xeneralizacións e contraste entre linguas, usando para iso a metalinguaxe específica. A ollada cara á lingua como sistema non ha de ser, polo tanto, un coñecemento dado, senón un saber que o alumnado vai construíndo ao longo da etapa a partir de preguntas ou de problemas que fan emerxer a reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

En 1º ESO temos unha hora de libre disposición na nosa materia co obxectivo fundamental de mellorar a comprensión e expresión escrita e oral do noso alumnado a través de actividades diversas, entre elas a lectura en voz alta, comentarios e resumos do libro de lectura obrigatoria en cada trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1. AS LINGUAS DO MUNDO. OS TEXTOS	Nesta primeira unidade abórdanse contidos xenéricos que servirán de introdución ao	11	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	LITERARIOS.	<p>tratamento de cuestións máis concretas ao longo das seguintes unidades e que se distribúen en catro bloques.</p> <p>No bloque 1 -As linguas e os seus falantes- comezaremos cun achegamento á diversidade lingüística.</p> <p>No bloque 2 -Comunicación- ademais de traballar a comprensión de textos, preténdese que os estudantes reparen nos distintos tipos de textos segundo o seu ámbito de uso, con especial atención aos de tipo persoal.</p> <p>No bloque 3 -Educación literaria- necesitarase distinguir entre texto literario e non literario para logo recoñecer a tipoloxía dos xéneros.</p> <p>No bloque 4 -Reflexión sobre a lingua- distinguimos tres apartados: A formación e estrutura das palabras, o que permitirá dar paso a conceptos relevantes coma os de familia léxica ou clases de palabras. O vocabulario referente a obxectos que se poden atopar nun cuarto. A ortografía: presentación do alfabeto, facendo fincapé nos dígrafos.</p>	11	16	X		
2	UNIDADE 2. LINGUAS DE EUROPA. O XÉNERO NARRATIVO (I). O SUBSTANTIVO.	<p>Distribuimos en catro bloques os contidos desta unidade:</p> <p>1.As linguas e os seus falantes: nesta unidade os estudantes comezarán achegándose á diversidade lingüística en Europa e coñecerán a realidade do plurilingüismo no noso continente.</p> <p>2.Comunicación: ademais de traballar a comprensión de textos, abordaranse as características e a creación de microrrelatos.</p> <p>3.Educación literaria : vista xa a división en xéneros literarios, toca centrarse no xénero narrativo e nalgúns dos seus elementos.</p> <p>4.Reflexión sobre a lingua: no apartado de Vocabulario, o léxico da familia servirá para fixar o concepto de campo semántico. A Gramática está dedicada ao substantivo, á súa tipoloxía, xénero e número. Polo que respecta á Ortografía, o alumnado centrarase no estudo da sílaba e na distinción entre ditongos e hiatos.</p>	11	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	UNIDADE 2. LINGUAS DE EUROPA. O XÉNERO NARRATIVO (I). O SUBSTANTIVO.		11	16	X		
3	UNIDADE 3. AS LINGUAS DA PENÍNSULA IBÉRICA. O XÉNERO NARRATIVO (II). O ADXECTIVO.	<p>Distribuímos en catro bloques os contidos desta unidade:</p> <p>1.As linguas e os seus falantes: nesta unidade, o alumnado vai coñecer o panorama das linguas na península ibérica, incluíndo o portugués e o mirandés, para que teña un primeiro achegamento ao concepto de lusofonía.</p> <p>2.Comunicación: traballaranse as características dos textos descritivos e, en especial, do retrato.</p> <p>3.Educación literaria: proseguirase co achegamento ao texto narrativo, nesta ocasión centrándonos no espazo e no tempo.</p> <p>4.Reflexión sobre a lingua: no apartado de Vocabulario ímonos deter no léxico da aula e tamén no concepto de sinonimia. Pola súa parte, a Gramática céntrase no adxectivo cualificativo, no número, no xénero e nos seus graos. Polo que respecta ao apartado de Ortografía, repasaranse as regras xerais de acentuación.</p>	11	16	X		
4	UNIDADE 4. LENDAS E CONTOS. OS DETERMINANTES.	<p>Distribuiremos en tres bloques os contidos desta unidade:</p> <p>2.Comunicación: o alumnado practicará a realización de resumos con coherencia, cohesión e adecuación.</p> <p>3.Educación literaria: o alumnado afondará en dous subxéneros narrativos: o conto e a lenda.</p> <p>4.Reflexión sobre a lingua: no apartado de Vocabulario trátase o campo semántico da rúa e abórdase o estudo da polisemia. Pola súa parte, a Gramática céntrase nos determinantes. En Ortografía continuamos coas regras de acentuación, con especial atención ao acento diacrítico.</p>	11	16		X	
5	UNIDADE 5. O XÉNERO LÍRICO (I). O PRONOME PERSOAL	Distribuiremos en catro bloques os contidos desta unidade:	12	16		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	TÓNICO.	<p>1.As linguas e os seus falantes: nesta unidade, este bloque céntrase integramente no galego cunha descrición dos bloques dialectais e cunha referencia ao galego estándar como código unificador da variedade dialectal.</p> <p>2.Comunicación: traballarase a comprensión de textos a través de textos xornalísticos.</p> <p>3.Educación literaria: estudaranse as principais características do xénero lírico.</p> <p>4.Reflexión sobre a lingua: polo que respecta ao Vocabulario, o léxico das accións do corpo servirá de marco para o estudo dos antónimos. Na Gramática recoñeceranse os pronomes persoais tónicos e, no que respecta á Ortografía, a unidade detense nas palabras con i, con ll e con x.</p>	12	16		X	
6	UNIDADE 6. O XÉNERO LÍRICO (II). O PRONOME PERSOAL ÁTONO.	<p>Distribuiremos en catro bloques os contidos desta unidade:</p> <p>1.As linguas e os seus falantes: nesta unida os estudantes achegaranse á dimensión internacional da lingua galega e ao seu estudo en moitos países do mundo.</p> <p>2.Comunicación: traballarase a comprensión de textos e continuaranse creando historias, tanto reais como ficticias.</p> <p>3.Educación literaria: continúaase coa lírica, que tratará neste caso a métrica, a rima e algunhas figuras literarias.</p> <p>4.Reflexión sobre a lingua: no apartado de Vocabulario o alumnado engadirá un novo concepto, o de palabras homófonas, apoiándose no léxico dos cinco sentidos. Na sección de Gramática continúa o estudo do pronome, neste caso átono, de xeito que o alumnado abordará tres cuestións de especial complexidade: a distinción entre lle e lles, o uso de te e che e a colocación dos pronomes, ademais das contraccións. Con respecto á Ortografía abordarase o uso de b e v.</p>	12	16		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	UNIDADE 7. O XÉNERO LÍRICO (III). OS TEXTOS EXPOSITIVOS. O VERBO (I).	<p>Distribuiremos en tres bloques os contidos desta unidade:</p> <p>2.Comunicación: traballaranse as características dos textos expositivos.</p> <p>3.Educación literaria: continuamos profundizando no xénero lírico, dedicado aos tipos de estrofas e novas figuras literarias.</p> <p>4.Reflexión sobre a lingua: No caso do Vocabulario, neste caso toca achegarse á homonimia, ademais de abordar o léxico dos animais. No que respecta á Gramática, o alumnado aproximarase ao verbo e á súa morfoloxía co obxectivo fundamental de coñecer a información que nos achegan as desinencias, ademais de practicar a conxugación verbal. O apartado de Ortografía aborda outro tema que acotío produce confusións gráficas: as palabras con es- e con ex-.</p>	12	16			X
8	UNIDADE 8. O TEATRO. O VERBO (II).	<p>Distribuiremos en catro bloques os contidos desta unidade:</p> <p>1.As linguas e os seus falantes: nesta ocasión, centrarémonos en combater o prexuízo que sostén que o galego non é útil.</p> <p>2.Comunicación: neste bloque abordaremos o texto instrutivo, moi común na vida diaria e, xa que logo, de grande utilidade.</p> <p>3.Educación literaria: o xénero teatral e as súas características.</p> <p>4.Reflexión sobre a lingua: Polo que respecta ao Vocabulario, os estudantes poderán achegarse ao léxico das maneiras de ser e aos sufixos desde o punto de vista do significado, co que se lles mostra unha interesante visión destes morfemas que transcende a mera formación de palabras. No apartado de Gramática seguiremos co verbo e coñeceremos os verbos regulares que presentan algunhas particularidades na súa conxugación. A letra h, e a súa presenza ou ausencia, centra a sección de Ortografía.</p>	12	16			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	UNIDADE 8. O TEATRO. O VERBO (II).		12	16			X
9	UNIDADE 9. A BANDA DESEÑADA. ADVERBIOS, PREPOSICIÓNS E CONXUNCIÓNS.	<p>Distribuiremos en catro bloques os contidos desta unidade:</p> <p>1.As linguas e os seus falantes: un tema de vital transcendencia para a normalización lingüística, o dos prexuízos sobre o galego, préstase ao debate e á posta en común de experiencias persoais.</p> <p>2.Comunicación: comprensión lectora e creación de textos narrativos a través da banda deseñada.</p> <p>3.Educación literaria: A banda deseñada, con certeza moi familiar para os estudantes, pecha os contidos deste bloque.</p> <p>4.Reflexión sobre a lingua: No apartado de Vocabulario traballarase o léxico referido aos se-res vivos e, por outro lado, o estudo dos prefixos, con especial atención ao significado. No tocante á Gramática, centrarémonos nos adverbios, nas preposicións e nas conxuncións, así como no coñecemento e identificación das principais funcións sintácticas (suxeito, predicado, CD, CI e CC). A sección de Ortografía ocúpase do uso das maiúsculas.</p>	8	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1. AS LINGUAS DO MUNDO. OS TEXTOS LITERARIOS.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Valora as linguas como medio de expresión, de relación e como sinal de identidade dun pobo.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais e escritos sinxelos.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido dun texto escrito sinxelo e identifica a intencionalidade do autor ou da autora. Sabe detectar erros relativos ao emprego de signos de puntuación básicos, erros ortográficos e gramaticais.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elabora textos propios da vida cotiá, das relación sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias. Aprende dos erros mostrando unha actitude positiva de superación.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos e concordancias dentro da oración.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende e valora con sentido crítico a lectura de textos de temática diversa.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Diferencia textos dos tres grandes xéneros literarios a partir dos seus trazos característicos máis xerais.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Produce textos sinxelos de temática diversa e con intención estética, utilizando coñecementos literarios adquiridos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica de textos propios coa axuda de dicionarios e manuais de gramática.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza, en textos diversos, diferentes tipos de palabras e identifica cales son as categorías gramaticais predominantes.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	É capaz de explicar a mudanza gramatical dunha palabra mediante procedementos como a adición de prefixos e sufixos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha breve presentación oral da súa biografía lingüística. Indica o seu nivel de dominio da lingua galega, así como o da súa familia ou persoas achegadas.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando a s regras morfosintácticas da lingua galega, así como o emprego dun léxico rico e variado.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información procedente de diferentes fontes para ampliar e completar os seus coñecementos.	TI	30
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións, reflexionando sobre as posibles manipulacións.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector, reflexionar sobre o contido e identificar a intención do autor.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Utiliza axeitadamente dicionarios e manuais de gramática para emendar erros lingüísticos básicos.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes para adquirir novos coñecementos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e

Contidos

- ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 2. LINGUAS DE EUROPA. O XÉNERO NARRATIVO (I). O SUBSTANTIVO.	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica as características dos relatos breves: estrutura, tipo de linguaxe, etc.	PE	70
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza un microrrelato de medo relacionado coa festividade do Samaín con coherencia, adecuación e corrección.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido dun texto escrito sinxelo e identifica a intencionalidade do autor ou da autora. Sabe detectar erros relativos ao emprego de signos de puntuación básicos, erros ortográficos e gramaticais.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redacta sinxelos textos narrativos con coherencia e corrección ortográfica.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias. Aprende dos erros mostrando unha actitude positiva de superación.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos e concordancias dentro da oración.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende e valora con sentido crítico a lectura de relatos curtos.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica os principais elementos dos textos narrativos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Produce textos narrativos con intención estética, utilizando coñecementos literarios adquiridos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora, nun texto dado, palabras de determinados campos semánticos.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica de textos propios coa axuda de dicionarios e manuais de gramática.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza, en textos narrativos, substantivos co propósito de clasificalos en concretos e abstractos, contables e non contables, individuais e colectivos.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	É capaz de explicar as regras de formación do feminino e do plural mediante a observación de substantivos en enunciados diversos.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Valora as linguas como medio de expresión, de relación e como sinal de identidade dun pobo.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Busca información contrastada procedente de diferentes fontes para ampliar e completar os seus coñecementos.	TI	30
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións, reflexionando sobre as posibles manipulacións.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Realiza unha lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e identifica a intención do autor.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado acode á biblioteca escolar, selecciona unha obra de acordo cos seus gustos ou preferencias de lectura e explica o motivo da súa escolla.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes para adquirir novos coñecementos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	UNIDADE 9. A BANDA DESEÑADA. ADVERBIOS, PREPOSICIÓNS E CONXUNCIÓNS.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	PE	70
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece castelanismos léxicos frecuentes en textos escritos e multimodais e sabe substituílos pola forma galega correcta.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Crea, a partir dun modelo, textos narrativos a través da banda deseñada.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias. Aprende dos erros mostrando unha actitude positiva de superación.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, concordancias dentro da oración.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende e valora con sentido crítico a lectura de textos de banda deseñada.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica os principais trazos definitorios da banda deseñada.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Sabe redactar correctamente oracións simples e localizar nelas as frases e funcións sintácticas principais: suxeito, predicado, CD, CI e CC.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica de textos propios coa axuda de dicionarios e manuais de gramática.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza e identifica, en textos diversos, algúns adverbios, preposicións e conxuncións.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	É quen de explicar o modo de recoñecer a creación de palabras novas coa adición de prefixos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	En grupos de catro ou cinco persoas, participa activamente na creación dunha banda deseñada: textos, debuxos, etc.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas da lingua galega, así como o emprego dun léxico rico e variado.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información procedente de diferentes fontes para ampliar e completar os seus coñecementos.	TI	30
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións, reflexionando sobre as posibles manipulacións.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global (información relevante, a intención do emisor) do libro de lectura obrigatoria.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Participa en actividades dinamizadoras que vinculan a literatura con outras manifestacións culturais e artísticas onde teñan cabida a pintura, a música, as producións audiovisuais, etc.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Colabora na produción colectiva de textos de banda deseñada, utilizando coñecementos literarios adquiridos.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes para adquirir novos coñecementos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatórios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatórios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co círculo literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Contidos

- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Concibimos a educación como un proceso construtivo no que a actitude que manteñen o profesorado e o alumnado permite a aprendizaxe significativa. Como consecuencia desta concepción da ensinanza, o alumnado convértese en motor do seu propio proceso de aprendizaxe ao modificar el mesmo os seus esquemas de coñecemento. Xunto a el, o profesorado exerce o papel de orientador/a, promotor/a e facilitador/a ao poñer en contacto os coñecementos e as experiencias previas do alumnado cos novos contidos.

Isto permite garantir a funcionalidade da aprendizaxe, é dicir, asegurar que o alumnado poderá utilizar o aprendido en circunstancias reais, ben levándoo á práctica, ben utilizándoo como instrumento para lograr novas aprendizaxes.

Para conseguir unha asimilación real dos coñecementos, a aprendizaxe debe ser significativa, é dicir, que o alumnado sexa quen de relacionar os novos contidos que vai aprender cos antigos. Isto só se pode facer coa actualización e a dispoñibilidade no momento adecuado dos esquemas de coñecemento pertinentes para poder establecer relacións co novo contido.

O proceso de aprendizaxe, entendido dentro deste modelo construtivista, cumpre os seguintes requisitos:

- a) Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
- b) Sublíñase a necesidade de darlle pulo ó desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das materias.
- c) Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
- d) Propíciense oportunidades para pór en práctica os novos coñecementos, de xeito que o alumnado poida amosar o seu interese e a utilidade do aprendido.
- e) Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións verbais do que se aprendeu, de modo que o alumnado poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.
- f) Fomentarase a participación na aula para pór en práctica o aprendido.
- g) Intentarase que se relacionen os contidos desta materia cos doutras do currículo e á inversa.
- h) Dunha grande variedade de actividades despréndese que as situacións de aprendizaxe deben ser tamén, por forza, variadas. Manexaremos os diferentes agrupamentos dos alumnos en función das distintas necesidades: o "gran grupo" para a realización de actividades audiovisuais e verbais (para compartir e contrastar opinións e aclarar conceptos); o "pequeno grupo" ou "equipo de traballo" para a participación persoal e o traballo cooperativo; e o "suxeito individual" para a dinámica de reflexión, asimilación crítica e ritmo adecuado ás características persoais. Polo que respecta ao método de traballo tampouco desbotamos ningunha opción e cada profesora deberá decantarse por métodos diferentes en función das distintas necesidades educativas que se presenten.

Todos estes principios teñen como finalidade que o alumnado sexa, gradualmente, capaz de aprender de xeito autónomo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Exemplares do antigo libro de texto de Lingua galega e literatura da editorial Anaya.
Ordenador do profesorado, encerado dixital interactivo e proxector na aula.
Recursos dixitais: xa está implantado no centro a plataforma Edixgal en todos os cursos, polo que o alumnado poderá traballar desde o seu ordenador portátil cos materiais dixitais do programa e os que inclúa cada docente cando fose preciso.
Basearemos parte da actividade docente nas TIC: vídeos, audicións, páxinas webs, música, xogos de lingua, tests, textos xornalísticos, etc.
Material elaborado polas propias docentes, en papel ou soporte dixital, referente a aspectos concretos de ortografía, morfoloxía, léxico, literatura, sociolingüística ou calquera outra necesidade específica que se detecte.
Aplicacións dixitais como canva, genially, etc.
O correo electrónico.
O caderno do alumnado.
O caderno de rexistro de actividade docente.
Libros de lectura obrigatoria.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realízase mediante unha serie de probas para medir o nivel de lectoescritura, comprensión e expresión e coñecementos previos que posúe o alumnado ao iniciar o curso. Os resultados contrástanse cos informes que posúe o Departamento de Orientación e coa reunión de avaliación inicial de todo o profesorado que imparte clase nos grupos de 1º ESO para detectar tanto alumnos e alumnas con desfase curricular grave como alumnos e alumnas con altas capacidades, e así poder adoptar as medidas de atención á diversidade máis convenientes en cada caso.

Nas primeiras semanas do curso pasarase ao alumnado unha proba escrita para observar en que medida conseguiu os obxectivos da materia na etapa anterior. A partir de aí, se é necesario, realizaranse os axustes oportunos.

A proba escrita debe servir para medir o nivel de coñecementos e competencias, polo tanto terá que incidir nos aspectos máis significativos dos obxectivos do curso anterior, neste caso 6º de Primaria. Constará dos seguintes apartados:

- Textos e exercicios que permitan valorar a comprensión (comentario dirixido) e expresión (redación) escrita.
- Preguntas e actividades que avalíen os seus coñecementos lingüísticos e literarios, así como a súa capacidade para a aplicación práctica (vocabulario, aplicación das normas ortográficas, morfolóxicas e sintácticas, adecuación, coherencia, cohesión, etc.).

A proba escrita complementarase na aula con exercicios de lectura e intervencións orais que permitan á docente determinar o nivel de comprensión e expresión oral.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	12	12	12	12	8	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

Segundo a LOMLOE, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria será continua, formativa e integradora e deberá contar cunha gran diversidade de instrumentos de avaliación adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias, a consecución dos obxectivos establecidos e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída.

En 1º ESO a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado tamén será progresiva, isto quere dicir que en cada momento do curso se estará a traballar e avaliar todo o anteriormente traballado ao longo del.

No proceso de ensino e aprendizaxe empregaranse os instrumentos de avaliación que expoñemos a continuación:

- Probas escritas que incluírán contidos mínimos impartidos con anterioridade ao longo do curso. Realizaranse como mínimo dúas probas por trimestre.
- Emprego do galego como lingua vehicular para dirixirse ao profesor ou profesora e aos compañeiros e compañeiras nas clases de Lingua Galega.
- Exposicións orais durante a clase.
- Será obxecto de especial atención a práctica ortográfica, a presentación, a coherencia, a cohesión e a adecuación dos textos do alumnado, que se avaliará en todas as probas escritas e no caderno de aula.
- Observación sistemática da participación, actitude e traballo diario na aula rexistrada no caderno do profesorado.
- Caderno de clase do alumna ou da alumna.
- Terase en conta a realización de actividades, traballos, redaccións encomendadas ao alumnado, e que sexan entregados ou realizados dentro do prazo fixado polo profesor ou pola profesora.
- Traballo en equipo.
- Avaliarase a lectura comprensiva de textos como ferramenta imprescindible en todo o proceso de ensino e

aprendizaxe. Para iso empregaranse diferentes procedementos de avaliación: desde a lectura en voz alta, vocalizando e entoando correctamente, ata probas escritas, resumos ou actividades de reflexión e comprensión do lido. Con esta finalidade propóñense unha serie de lecturas complementarias (unha por trimestre) adecuadas ás súas capacidades e idade, que se controlarán de xeito oral ou escrito, e coas que se pretende que os alumnos desenvolvan o gusto e o interese pola lectura.

-Participación activa nas actividades de dinamización da lingua galega.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación das avaliacións parciais desenvolveranse da seguinte maneira:

a) Proba escrita: comprensión e asimilación de contidos: 70%

-Realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas por trimestre. Ditas probas incluírán contidos mínimos impartidos con anterioridade ao longo do curso. A cualificación destas probas terá en conta, ademais dos coñecementos conceptuais, a expresión escrita, a coherencia, a gramaticalidade e a corrección ortográfica na valoración das respostas do alumnado. Para superar as probas hai que obter un mínimo de 5 puntos sobre 10.

Se un estudante non se presenta a unha proba escrita sen achegar unha xustificación en debido prazo e forma, o docente realizaralle dita proba ao día seguinte de clase despois da ausencia, ou valorará a pertinencia de realizarlle nunha data que será fixada por el ou ela.

b) Actitude na aula, nivel de progreso e traballo na casa: 10%

- Actitude na aula: interese, atención mantida, esforzo, participación, realización de tarefas.

- Traballo na casa: realización de tarefas, estudo e presentación da libreta.

-Valoración de actividades: exercicios, apuntamentos, resumos, esquemas, comentarios de textos, presentación de traballos.

- Respecto polas normas (profesorado, compañeiros, materiais, puntualidade, asistencia a clase).

-Traballo en equipo.

-Participación activa nas campañas de fomento de lectura e concursos literarios de promoción da nosa lingua.

A entrega fóra de prazo dos traballos, redaccións, tarefas, etc. suporá un desconto de ata o 50% neste apartado. En caso de que se detecte que o traballo non é elaboración persoal do alumno, será cualificado con 0 puntos.

c) Expresión oral: 10%

-Emprego da lingua galega como lingua vehicular para dirixirse ao profesor e aos compañeiros nas clases de lingua galega, nas intervencións orais e nas exposicións orais de traballos.

d) Lecturas obrigatorias: 10%

- Lectura de un libro obrigatorio por trimestre. Esta lectura poderá ser avaliada ben oralmente, ben por escrito, atendendo ás necesidades e prioridades que existan dentro da dinámica de cada grupo, ou ben do alumnado en concreto.

OBSERVACIÓNS:

-A cualificación trimestral corresponderá á suma das notas dos apartados anteriores, sempre e cando se supere o 45% nas probas escritas (apartado a), de non ser así suspenderase a materia. Evidentemente, para que cada alumno e cada alumna teña aprobada a materia debe obter unha cualificación igual ou superior ao 5 na nota final de cada avaliación.

-As faltas de ortografía e redacción deficiente poderán diminuír a nota de cada proba escrita ata un máximo de 1 punto.

Criterios de recuperación:

- En 1º ESO a avaliación será continua e progresiva no sentido de que en cada trimestre o alumnado terá a posibilidade de superar contidos pendentes de avaliacións anteriores. Deste xeito, no caso de que se acade unha nota igual ou superior ao 5 no último trimestre, considerarase aprobada a materia. Isto quere dicir que non se realizarán probas de recuperación das avaliacións por separado.

-En todo caso, tendo en conta a ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, o alumnado que non supere a materia por avaliación continua e progresiva terá a posibilidade de presentarse a unha proba escrita obxectiva de recuperación antes de que se celebre a sesión conxunta da terceira avaliación parcial e da avaliación final. Para superar a materia deberase obter unha nota igual ou superior a cinco puntos en dita proba.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de 1º ESO non ten materias pendentes de PRIMARIA.

6. Medidas de atención á diversidade

A nosa programación pretende presentar a suficiente flexibilidade para poder ser adaptada á situación concreta que se presente na aula e aspira a dar resposta á complexidade e diversidade de intereses, coñecementos, niveis de desenvolvemento psicolóxico e afectivo que conviven en cada grupo de alumnos e alumnas. Así pois, realizaremos ao principio do curso unha avaliación inicial en cada grupo de 1º ESO co obxectivo de coñecer o nivel de competencia curricular do alumnado a nivel individual e como grupo e establecer o punto de partida preciso, así como os itinerarios de ensino e aprendizaxe máis adecuados en cada caso, aínda que non coincidan exactamente co programado sobre o papel. Isto poderá producir que dentro dun mesmo grupo a profesora deba atender a estudantes con distintos niveis de coñecementos e capacidades e intereses diferentes, para os que deberá deseñar outros tantos itinerarios de ensino-aprendizaxe, incluso por debaixo (ou por riba) do programado para o seu grupo de referencia. En casos especiais podería, incluso, estudarse a posibilidade de recomendar un reforzo educativo con apoio da profesora de Pedagogía Terapéutica ou, se cumprir, unha adaptación curricular. Estas decisións sempre se tomarán en coordinación co Departamento de Orientación e co resto do profesorado que imparte clase, unha vez realizadas as xuntanzas de avaliación inicial.

O noso papel convértese no dun mediador cultural que, nun proceso de interacción educativa, promove a actividade intelectual do alumnado e o desenvolvemento das súas capacidades coa función de axudarlle e dirixir a súa aprendizaxe segundo unhas intencións educativas, axustando ou sintonizando estas intencións e axudas ao nivel que poida ser adecuado para cada un dos alumnos e das alumnas. Neste contexto resulta necesario atender non só a aspectos intelectuais senón tamén a cuestións de motivación e afectivas. Por iso faremos un esforzo especial por crear un clima de confianza e comunicación en cada grupo de alumnos e alumnas. Este clima de respecto e confianza é fundamental para desenvolver no alumnado capacidades afectivas, de relación interpersoal e de inserción e participación social. Insistiremos, pois, en propiciar situacións de traballo en equipo e ensinanza titorizada entre compañeiros e compañeiras como recurso educativo. Ofreceranse actividades complementarias adaptadas e de apoio para os novos contidos que se vaian traballando. Cada unha destas actividades revisará un dos coñecementos ou unha das destrezas traballadas e servirán como tarefas de reforzo ou de ampliación dun contido concreto para os alumnos e alumnas que o necesiten.

Tamén contaremos con recursos didácticos máis motivadores, onde se ofrecerán actividades relacionadas co estudado pero que requiren máis tempo para seren solucionadas e que van dirixidas a desenvolver nos estudantes as competencias básicas. Terase en conta o emprego de tempos diferenciados e máis flexibles para a realización das tarefas, así como a adaptación dos instrumentos de avaliación .

Os materiais empregados deben ser necesariamente variados (libro de texto, vídeos, presentacións en canva, textos e exercicios en papel ou en soporte dixital...) e terán como característica xeral ofrecer unha visión completa do uso da lingua en todos os ámbitos e atender á diversidade que presente o alumnado.

Estas medidas de atención á diversidade estarán sempre encamiñadas ao logro das competencias básicas e dos obxectivos da materia e, como xa dixemos, serán de carácter flexible.

En 1º ESO temos rapaces e rapazas con diferentes necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). En función desas necesidades elaboraranse para estes alumnos e alumnas plans de reforzo individualizado en colaboración co Departamento de Orientación, tomando como punto de partida os informes individualizados do curso anterior así como a avaliación inicial.

O alumnado repetidor será tido en conta na práctica docente. Manterase unha especial atención sobre el desde distintas perspectivas:

- Comprobarase o seu nivel de coñecementos adquiridos durante o curso anterior a través de probas e preguntas directas.
- Dependendo do seu nivel de coñecementos, propoñeránselle actividades de reforzo axustadas a cada un.
- Intentaremos situalo na aula no lugar máis apropiado para o seu control.
- Manterase certa atención á súa actitude para motivalo e facerlle atractiva a materia, tendo en conta os seus coñecementos previos e reforzando as actitudes de esforzo en todo momento.
- Daráselle unha atención máis personalizada na aula, detectando os seus erros e orientándoo.
- Se non avanza na materia ou non traballa, informarase ao seu titor ou á súa titora e ao equipo de Orientación.
- Informarase á familia dos seus avances e, sobre todo, da falta de traballo na aula a través do titor ou da titora nas sesións de avaliación ou cando se considere preciso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora e a expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e as TIC.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial.	X							
ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.				X				
ET.10 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - A comprensión lectora e a expresión oral e escrita.	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e as TIC.	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial.	
ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X
ET.6 - A igualdade de xénero.	X
ET.7 - A creatividade.	X
ET.8 - A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X
ET.9 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	
ET.10 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X

	UD 9
ET.11 - A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Celebración do SAMÁIN .	Certame de Microrrelatos de Medo.
Concurso de esopías, en colaboración co Departamento de Matemáticas.	O alumnado elaborará esopías de tema libre que corruxará o profesorado de Lingua Galega, mentres que os integrantes do departamento de Matemáticas decidirán os gañadores de cada categoría.
Conmemoración do Día de Rosalía de Castro.	Interpretacións musicais en vivo de textos da autora; exposicións plástico-poéticas dunha selección previa de poemas realizada polo propio alumnado e proxección de vídeos.
Celebración do Día das Letras Galegas .	Organización de conferencias ou calquera outro tipo de relatorios sobre temas relacionados co noso currículo, especialmente na Semana das Letras Galegas.
Asistencia a representacións teatrais de interese en lingua galega.	No caso de que se realice algunha representación teatral do noso interese en cidades próximas a Vilaboa, tentaremos levar ao alumnado para coñecer o teatro en vivo.
Actividades de libro-fórum.	Actividades de libro-fórum, coa presenza, se fose posible, dalgún escritor dos incluídos nas nosas listas de lectura (mediante a colaboración dalgunha editorial).
Saídas didácticas.	Saídas didácticas para visitar lugares ou institucións directamente relacionados co noso currículo: Visita ao Museo de Pontevedra. O Rosal: muíños do Picón e do Folón. A Guarda: castro e mirador de Santa Trega.

Observacións:

O departamento de Lingua e Literatura Galega adoita elaborar o seu plan de actividades complementarias en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e co Equipo de Biblioteca.

Non facemos aquí, para sermos exactos, unha auténtica previsión deste tipo de actividades para o presente curso, senón que expoñemos unha lista de actividades posibles, coa pretensión de levar aquelas que poidamos en función das circunstancias que se produzan ao longo do curso e, sobre todo, da dispoñibilidade económica do noso departamento:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1.PLANIFICACIÓN 1.1.Programamos a materia tendo en conta os obxectivos, criterios de avaliación e contidos. 1.2. Planificamos as clases de modo flexible deseñando distintas actividades de aprendizaxe en función dos obxectivos e das necesidades do alumnado. 1.3.Organizamos adecuadamente o tempo da clase en función das actividades a realizar. 1.4.Coordinámonos entre os integrantes do departamento e tamén co resto do profesorado do centro para o tratamento de contidos afíns ou proxectos conxuntos.
2.METODOLOXÍA 2.1.Desenvolvemos os contidos de forma ordenada e comprensible para o alumnado. 2.2. Consequimos motivar o alumnado para favorecer a aprendizaxe e a participación activa na aula. 2.3.Propoñemos actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma. 2.4.Promovemos o traballo cooperativo e mantemos unha comunicación fluída co alumnado. 2.5.Incorporamos as TIC nos procesos de ensino-aprendizaxe.
3.ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 3.1.Organizamos tarefas e propoñemos logros diferentes en función das características do alumnado. 3.2.Propoñemos actividades de maior nivel para o alumnado que acadou os obxectivos en profundidade. 3.3.Mantemos contacto coas familias, directamente ou a través da titoría, co obxectivo de contar co seu apoio e implicación. 3.4.Atendemos axeitadamente á diversidade do alumnado. 3.5.Adaptamos as probas escritas para o alumnado con necesidades educativas especiais.
4.SEGUIENTO E AVALIACIÓN 4.1.Realizamos a avaliación inicial para axustar a programación ao nivel do alumnado. 4.2.Informamos adecuadamente ao alumnado sobre os criterios de avaliación e cualificación. 4.3.Valoramos axeitadamente a observación do traballo e da participación e actitude do alumnado na aula. 4.4.Valoramos adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo. 4.5.Explicamos e corriximos os traballos e actividades do alumnado ofrecendo pautas para mellorar a súa aprendizaxe. 4.6.Empregamos distintos tipos de probas e instrumentos de avaliación. 4.7.Favorecemos os procesos de autoavaliación e coavaliación.

Descrición:

Para avaliar o proceso de ensino e a nosa práctica docente teremos en conta os indicadores de logro que agrupamos en catro categorías que resumen os aspectos que consideramos máis significativos da nosa práctica docente:

1. Planificación
2. Metodoloxía
3. Atención á diversidade
4. Seguimento e avaliación

Ao final de curso recolleremos os resultados e analizáremos para detectar as nosas fortalezas e debilidades. O obxectivo será introducir propostas de mellora no noso labor docente que queden reflectidas na programación do curso seguinte.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O obxectivo deste apartado é planificar a forma de realizar o seguimento do cumprimento da programación, así como a avaliación da mesma e as propostas de mellora de cara ao curso seguinte. Para iso introducirase na aplicación unha descrición dese procedemento a través texto libre.

Co fin de observar o grao de cumprimento da presente programación ao longo do curso, o Departamento de Lingua e Literatura Galega manterá reunións mensuais nas que se analizarán aspectos tales como:

Séguese a secuenciación dos contidos fixada?

Vanse cumprindo os obxectivos propostos?

Respéctanse as pautas metodolóxicas?

Resultados das avaliacións trimestrais?

Finalizado o curso, reuniranse as profesoras que imparten clase en 1º ESO para avaliar a programación, respondendo ao seguinte cuestionario e engadindo novas cuestións que poidan xurdir como efecto da reflexión conxunta:

A.- Parte da programación non impartida.

B.- Xustificacións da parte da programación non impartida.

C.- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

D.- Motivos das modificacións feitas.

E.- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.

F.- Estudo das obras incluídas no plan lector.

G.- Propostas de modificacións no plan lector.

H.- Análise dos resultados da avaliación do alumnado grupo a grupo.

Os resultados desta autoavaliación continua serán consignados na memoria final de curso.

9. Outros apartados